



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G003/000166

RESOLUCIÓN

ASUNTO: LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS E DIA PROBA_SELECCION SOCORRISTAS

EXPEDIENTE:2019/G003/000166

ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde en funcións do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do ROF, e 24.d) do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.

Por decreto desta Alcaldía, de data 10.05.2019, aprobáronse as bases e convocouse proceso selectivo para a contratación temporal de dúas/dous socorristas para a realización do servizo de vixilancia e salvamento nas piscinas municipais do concello de Mesía. As ditas bases e a convocatoria publicáronse no BOP núm. 92, do 16 de maio de 2019, así como na páxina web do concello e no taboleiro de edictos do concello.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se eleva a definitiva por non haber aspirantes excluídos.

1.- Admitidos:

- Regueiro Sánchez, Alejandro. NIF 54156151Y.
- Vereia Núñez, Paula. NIF 45846658E.

2.- Excluídos: - .

Segundo.- Nomear ás persoas que se indican de seguido como membros do tribunal cualificador do proceso selectivo:

Presidente:

Titular: Don César Buján Barral, técnico deportivo do Concello de Boimorto.

Suplente: Don Antonio Gómez Pérez, técnico deportivo do Concello de Melide.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G003/000166

Vogais titulares:

1. Dona Carmen Blanco Villares, funcionaria do Concello de Mesía.
2. Dona Inés Sánchez del Río, funcionaria do Concello de Mesía.
3. Dona Ana M^a Vallo Camba, aedl do Concello de Boimorto.

Vogais suplentes:

1. Dona Antonia María Regueira Camaniel, auxiliar de instalacións do Concello de Curtis.
2. Don Jorge Eduardo Rodríguez Fernández, secretario-interventor do Concello de Paderne.
3. Dona María Luisa Cacharrón Souto, administrativa do Concello de Boimorto.

Secretario, con voz e sen voto: Don Eladio Bendaña Pardo, secretario-interventor do Concello de Mesía. Suplente: Dona Rosa M.^a Buján Ordóñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis.

TERCEIRO: Convocar aos aspirantes admitidos e aos membros do tribunal cualificador para a realización do exame que terá lugar o mércores 29 de maio de 2019 ás 09:00 horas na Casa Consistorial sita en Xanceda. Posteriormente os membros do tribunal cualificador avaliarán a documentación da fase de concurso.

CUARTO.- Publicar a presente resolución na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

En Mesía, luns 27 de maio de 2019

O Alcalde en funcións /Presidente

Mariano Iglesias Castro